

PONTE DE BELTRÁN

Esta ponte ten unha lonxitude total de 15 metros e unha anchura de 170 cm, o material é madeira de pinus. Une os núcleos de Vilardíaz e Vilarxubin e neste punto únense o Río do Pontigón que baixa dende a zona noreste e o Río Rodil procedente da zona sureste.

Neste lugar existiu dende sempre esta ponte aínda que nos últimos anos non se conservou a existente debido o escaso uso que dela se facía , coa súa rehabilitación recupérase un lugar de paso entre estes dous núcleos e permítese un mellor acceso a esta zona de gran beleza natural.

Estre estes dous ríos temos o Castro de “A Coroa” en dirección leste e que se pode observar dende o camiño de baixada tanto dende Vilardíaz como de Vilarxubín.

Tanto aquí en Beltrán como nas pontes do “Castelo” estamos no corazón do espacio protexido da rede natura 2000 denominado Carballido sempre ligado os ecosistemas acuáticos e especialmente o bosque de ribeira.

O longo de todo o percorrido da cunca alta do Río Rodil podemos apreciar unha grande cantidade de arbolado e tamén de sotobosque que fai que a temperatura da auga sexa moi baixa durante todo o ano posto que impide a chegada da luz a lámina da auga.

BOSQUE DE RIBEIRA

Bosques de clima templado de rexión eurosiberiana formados fundamentalmente por amieiros e algúns exemplares de freixo , pradeiro, Salgueiros, Sambucus nigra, e betula celtibérica como estrato arbóreo e diversos fentos e silvas como matorral.

Forman o típico bosque galería a ambas beiras dos ríos e regatos chegando a uns 10 m de altura e un estrato dominante denso.

Están integradas nesta comunidade todas aquelas especies ligadas á auga , zonas encharcadas e bosque de ribeira.

Como anfibios característicos desta comunidade citamos á rá ibérica, ra común , bufo bufo, o sapo común, tritón ibérico, sapagueira.

Como reptis máis característicos temos: lagarto verdimouro, culebra de colar, culebra de río.

No que respecta ás aves podemos citar especies como merlo acuático, lavandeira, ouriolo.

Por último no grupo dos vertebrados terrestres temos: rata de auga, mugaña colicuada, murgaña anana.

OURICEIRAS OU CORRIPAS

O castiñeiro é unha das árbores emblemáticas deste concello e de aí a existencia de numerosos soutos.

Construtivamente, a ouriceira é un pequeno ambrado feito de pedra , de forma redondeada, case circular aínda que neste lugar podemos atopar dúas con forma cuadrada construída de forma moi rudimentaria.

Esta composta duns muros de cachotería cun único oco para acceder ó interior pechado cun portelo feito a base de rústicas táboas encaixadas en dous pés dereitos chantados no terreo e fixados aos muros.

Non se sabe cando se empezaron a facer, aínda que se supón que foi moi cedo dado que a castaña foi durante moito tempo a base fundamental da alimentación.

Unha vez vareados os ourizos xúntanse cun angazo e bótanse dentro da ouriceira. O estar cargada, os ourizos tápanse con silvas e fentos. Cando se coida que están en disposición de separar o froito do ourizo bótanse fora da ouriceira nunha aira collendo as castañas que se levan para a casa e pónense no caízo par acabar de curar e secar.

SOUTOS

Aparecen nas zonas baixas dos ríos e regatos. Xeralmente a propiedade é por árbore sobre o chan e cada veciño ten a súa marca sobre a codia dos castiñeiros. Pódese apreciar estas marcas no entorno no que nos atopamos. Xeralmente facíanse nos primeiros anos mentres a árbore era pequena.

Está composto por un estrato arbóreo practicamente monoespecífico de Castanea Sativa, cunha altura dominante de entre 15 e 18 metros e unha cobertura en torno ó 80%. Os solos soen ser silicios , sen encharcamento e con capa orgánica na superficie.

Acompaña ó arbolado un estrato arbustivo pouco importante composto por exemplares xoves de Castanea Sativa, Ilex aquifolium, Sorbus aucuparia, Acer pseudoplatanus e Quercus. A matogueira é pouco densa, encontrando fundamentalmente xestas ,uces, silvas e fentos.

Unha práctica habitual nos soutos é o “trasmochado”, este facíase a unha altura tal que permitira o seu aproveitamento para froito e que o gando non poidese danalo e as vigas superiores eran aproveitadas na construción, o que favorecía tamén a súa renovación.

As enfermidades máis comúns son o chancro e a tinta aínda que esta última sen apenas incidencia neste termo municipal.

CASTROS

Os castros son poblados fortificados, polo xeral prerromanos aínda que existen exemplos posteriores que perduraron ata a Idade de Media, existentes en Europa e propios de fins da Idade de Bronce e da Idade de Ferro e en particular da cultura céltica.

A palabra castro provén do latín castrum, que significa “fortificación militar”

Este castro data máis ou menos do ano 29 a. de C.

As edificacións máis antigas eran de palla e barro e os máis recentes de mampostería. O teito era de ramaxe e barro e despois de varas longas. Sitúábanse en lugares protexidos, cerca de fontes e terreos cultivables e no límite entre estes e zonas máis alta de pastoreo.

Os castros estaban protexidos por un ou máis fosos, parapetos e murallas ou paredes que bordeaban o recinto habitado, podendo ter nos seus acesos un torreón que controlaba as vías de entrada ó mesmo.

Os nosos castros están situados en zonas montañosas , nas ladeiras e teñen forma oval, con fosos artificiais polo lado superior e murallas ou terrapléns polo lado dos vales.

Este castro de “O Castelo” forma unha península , flanqueada polos ríos Rodil e Da Veiga tendo un único acceso a través do monte de Vilardíaz.

No seu punto máis estreito aínda se conservan restos dunha antiga parede de fortificación .

Os castros acostuman a ter unha única entrada, que tamén cumpre a función de impedir o paso.


Algúns datan da época romana e están vinculados a explotación mineiras.

Nalgúns casos é un simple engrosamento nos remates da parede; noutros, un anel da parede sobrepasa ó outro formando un corredor estreito. Suponse que se cerreban con portas de madeira.

Ademáis das defensa naturais, encóntranse estruturas como:

- Terraplens. Desniveis no terreo formados por terra e pedra. Son as bases das defensas e habitualmente proveñen dos escombros das obras fundacionais no interior.
- Parapetos. Elevacións artificiais do terreo nos puntos máis protexidos (entradas e zonas chás)
- Fosos. Gabias alargadas e profundas , xeralmente asociadas ós parapetos , que poden estar excavados en terra ou rocha viva.
- Murallas ou paredes. Defensas de mampostería de tipoloxía variada.

En tempos de conflitos, a xente que vivía en campo aberto trasladábanse a estas construcións, situadas en lugares estratéxicos co fin de garantir a súa seguridade.



PRÓXIMA RUTA:
Parque Natural de Urkiola
16 ó 19 de Maio

**SENDEIRO RIO GALLOL.
A FONSA GRADA
20-04-2024**

DATOS BÁSICOS	
COMEZO:	Vilardiaz
REMATE:	Vilardiaz
DISTANCIA LINEAL:	16 km aprox.
DURACIÓN APROXIMADA:	6 horas
DIFICULTADE:	Media-Alta
DESNIVEL POSITIVO:	813 m
DESNIVEL NEGATIVO:	813 m
ALTITUD MÁXIMA:	655 m
ALTITUD MÍNIMA:	335 m



www.carroucho.org



carroucho@carroucho.org



618 617 799